



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

JOSE VILLÁN FUERTES, SECRETARIO DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORZAMENTOS E FACENDA,

CERTIFICO: Que a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria do 7 de novembro do 2024, ditaminou a seguinte proposta:

2. RESOLUCIÓN DE EMENDAS E APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2025. EXPTE. 90/142 (EXPEDIENTE PLENO 4671/1101).

PROPOSTA DE ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO DAS EMENDAS

“PRIMEIRO.- Rexeitar a emenda a totalidade, presentada polo Concelleiro D. José Miguel Martín Peña, Portavoz do Grupo Municipal Populares de Vigo, ao non poder ser considerada como un proxecto alternativo de orzamento, cunha relación de proxectos sen cuantificar, imposible de converter a mesma nun documento interpretable en termos orzamentarios, nin tampouco fai referencia, aos recursos que poderían financiar a incorporación dos devanditos proxectos nin a posibilidade de súa aplicación por resultar en algún caso, fora das competencias locais.

SEGUNDO.- Rexeitar a emenda presentada polo Sr. Concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo, por insuficiencia nos recursos, ao pretender o financiamento de novos empregos coa minoración de aplicacións que non son reducibles por unha contía de 19.833.000,00 euros, resultando a proposta feita contraria a Dereito por estar a xerar un déficit orzamentario, incumprindo co previsto no artigo 83 do ROP, xerando un desequilibrio orzamentario que non o permite os artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 20/2012, de 27 de abril (LOEOSF) e artigo 165.4 do TRLRFL, aprobado polo RD Lexislativo 2/2004.

TERCEIRO.- Aceptar a emenda parcial presentada polo Sr. Concelleiro D. Carlos López Font, Portavoz do Grupo Municipal do Partido Socialista no Concello de Vigo, por estar equilibrada, sendo reducible o crédito da aplicación que é obxecto de axuste á baixa:

A) De variación cualitativa

DIMINUCIÓN				INCREMENTO			
Aplicación	Previsto	Diminución	Definitivo	Aplicación	Previsto	Aumento	Definitivo
9204.2279901	423,191.07	14,000.00	408,191.07	3340.4800008	195,000.00	10,000.00	205,000.00
				9240.4890006	16,000.00	4,000.00	20,000.00
Total		14,000.00				14,000.00	



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/11/2024 08:10	Páxina 1 de 6
90-142	CSV: AEA7C3-B9B73B-D1EC85-QW5YKT-T62W8U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

B) De Corrección de erros.

Aplicación	Definición no Proxecto	Definición corrixida
3331.6230001	Climatización de salas da Casa das Artes	Climatización Salas da Casa Galega da Cultura
3410.4800016	Subv.Copa Europa Baloncesto cadeira de rodas	Axudas a desprazamentos actividades deportivas

CUARTO.- Ao non alterar cuantitativamente os empregos do orzamento informado polo Sr. Interventor Xeral en data 18/10/2024, nin modificar a estrutura de masas, o gasto corrente non financeiro non se altera, a variación entre o capítulo 2 e 4 por unha contía de 14.000 euros, representa un 0,005% dos gastos correntes non financeiros, non require que a proposta sexa sometida de novo a informe de control financeiro.

QUINTO- Os antecedentes da proposta, son os reflectidos na proposta asinada o 18 de outubro de 2024, que figura no Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno e sometido á consideración dos Grupos Políticos Municipais para estudo e emendas.

SEXTO.- Unha vez incorporado o informe de control sobre a emenda, si este é favorable, votarase a proposta sobre as emendas e incorporase o texto da proposta refundido.”

Sométese a votación, a emenda parcial presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista (data rexistro pleno 31/10/24 nº expediente 4693/1101), a emenda presentada polo Grupo Municipal do BNG (rexistro electrónico do pleno do 31/10/2024, doc. 240337240), e a emenda a totalidade presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular (data rexistro pleno 31/10/24 nº expediente 4695/1101), con seis votos (6) a favor dos membros presentes do Grupo Municipal Socialista e dous votos (2) en contra, un do Grupo Municipal do Partido Popular e outro do Grupo Municipal do BNG, a Comisión Informativa de Orzamentos acepta a proposta.

Proposta sobre o fondo

Sometida a votación a proposta de data 04/11/2024 do concelleiro delegado da área de goberno de Orzamentos e Facenda, que consta no expediente 90/142, por seis votos (6) a favor dos membros presentes do Grupo Municipal Socialista, e dous votos (2) en contra, un voto do Grupo Municipal do Partido Popular mais un voto do Grupo Municipal do BNG, a Comisión Informativa de Orzamentos ditamina favorablemente a proposta que se transcribe a continuación.

“PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2025, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Anexo dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

A clasificación e ordenación dos recursos e empregos e a seguinte:

Resume por capítulos de ingresos e gastos.

Comparativo de gastos e ingresos por capítulos.

Comparativo por Áreas de Gastos.

Comparativo por Políticas de Gastos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/11/2024 08:10	Páxina 2 de 6
90-142	CSV: AEA7C3-B9B73B-D1EC85-QW5YKT-T62W8U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Clasificación por Áreas de Gastos e Capítulos.

Clasificación por programas de gastos e partidas .

Clasificación económica de ingresos por subconceptos.

Todos os estados orzamentarios están referidos á Entidade e aos estados consolidados.

Achégase a información completa referida igualmente ao Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo co mesmo nivel de detalle que o expresado para o Concello e para os estados consolidados, cuxo documento está incorporado a este expediente.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS 2025 E COMPARATIVA CO ANO 2024, ENTIDADE, emendas incorporadas

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2024	Importe 2025	Variación %	Importe 2024	Importe 2025	Variación %
1	76,830,624.27	79,176,245.70	3.05%	117,410,785.66	123,381,301.49	5.09%
2	157,201,477.42	162,765,405.69	3.55%	10,922,786.87	11,620,105.44	6.38%
3	50,530.00	50,530.00	0.00%	42,799,307.02	46,054,040.02	7.60%
4	39,058,535.66	40,995,350.46	4.92%	123,856,742.57	123,650,270.81	-0.17%
5	600,000.00	600,000.00	0.00%	5,404,000.00	5,404,000.00	0.00%
Operaci. Corr.N.F	273,741,167.35	283,587,531.85	5.30%	300,393,622.12	310,109,717.76	10.88%
6	36,049,858.26	43,379,030.02	20.33%	.00	.00	0.00%
7	939,850.05	1,129,444.00	20.17%	10,337,253.54	17,986,288.11	73.99%
Operaci. Cap.N.F	36,989,708.31	44,508,474.02	29.65%	10,337,253.54	17,986,288.11	73.99%
8	500,000.00	500,000.00	0.00%	500,000.00	500,000.00	0.00%
9	.00		0.00%	.00		0.00%
Total	311,230,875.66	328,596,005.87	5.58%	311,230,875.66	328,596,005.87	5.58%

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA GASTOS-INGRESOS, ESTADOS CONSOLIDADOS, COMPARATIVO 2024-2025

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2024	Importe 2025	Variación %	Importe 2024	Importe 2025	Variación %
1	83,251,407.76	85,731,286.61	2.98%	117,410,785.66	123,381,301.49	5.09%
2	158,891,437.55	164,871,664.78	3.77%	10,922,786.87	11,620,105.44	6.38%
3	50,530.00	50,530.00	0.00%	44,464,687.87	48,136,640.02	8.26%
4	33,053,672.66	34,840,350.46	5.36%	124,062,442.57	123,855,970.81	-0.17%
5	600,000.00	600,000.00	0.00%	5,809,000.00	5,809,000.00	0.00%
Operaci. Corr.N.F	275,847,047.97	286,093,831.85	5.36%	302,669,702.97	312,803,017.76	10.78%
6	37,429,215.13	44,644,462.86	19.28%	.00	.00	0.00%
7	2,828,046.62	3,345,680.80	18.30%	11,299,518.96	18,960,433.35	67.80%
Operaci. Cap. N.F	40,257,261.75	47,990,143.66	19.21%	11,299,518.96	18,960,433.35	67.80%
8	532,000.00	532,000.00	0.00%	2,667,087.79	2,852,524.40	6.95%
9	.00		0.00%	.00	.00	0.00%
Total	316,636,309.72	334,615,975.51	5.68%	316,636,309.72	334,615,975.51	5.68%



CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2024-2025, RESUME POR ÁREAS DE GASTO

Área	Descrición	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2024	2025		2024	2025	
0	Débeda Pública	.00	.00	0.00%	.00	.00	0.00%
1	Servizos Públicos básicos	159,052,481.38	159,017,834.74	-0.02%	164,457,915.44	165,037,804.38	0.35%
2	Actuación de protección e promoción social	29,692,222.21	30,294,278.94	2.03%	29,692,222.21	30,294,278.94	2.03%
3	Produción B. públicos carácter preferente	55,749,069.20	58,246,431.11	4.48%	55,749,069.20	58,246,431.11	4.48%
4	Actuacións de carácter económico	24,669,082.76	25,063,974.93	1.60%	24,669,082.76	25,063,974.93	1.60%
9	Actuacións de carácter Xeral	42,068,020.11	55,973,486.15	33.05%	42,068,020.11	55,973,486.15	33.05%
Total		311,230,875.66	328,596,005.87	5.58%	316,636,309.72	334,615,975.51	5.68%

RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2025-2024

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2024	Importe 2025	Variación %	Importe 2024	Importe 2025	Variación %
1	6,420,783.49	6,555,040.91	2.09 %			
2	1,689,960.13	2,106,259.09	24.63%			
3				1,665,380.85	2,082,600.00	25.05%
4	.00	.00	0.00%	6,210,563.00	6,360,700.00	2.42%
5				405,000.00	405,000.00	0.00%
Op. Corr. NF	8,110,743.62	8,661,300.00	6.79%	8,280,943.85	8,848,300.00	6.85%
6	1,379,356.87	1,265,432.84	-8.26%	.00	.00	0.00%
7	1,888,196.57	2,216,236.80	17.37%	962,265.42	974,145.24	1.23%
Op. Cap. NF	3,267,553.44	3,481,669.64	6.55%	962,265.42	974,145.24	1.23%
T. Op. N.F	11,378,297.06	12,142,969.64	0.00%	9,243,209.27	9,822,445.24	4.39%
8	32,000.00	32,000.00	0.00%	2,167,087.79	2,352,524.40	8.56%
Total	11,410,297.06	12,174,969.64	6.70%	11,410,297.06	12,174,969.64	6.70%

FUNDACIÓNS QUE FORMAN PARTE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN DO GRUPO CONCELLO DE VIGO

CONVENTION BUREAU (CB)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			
	Importe 2024	Importe 2025	Variación		Importe 2024	Importe 2025	Variación
G. Persoal	196,559.32	209,108.93	6.38%				
Cons. e gast. xestión	43,500.00	35,900.00	-17.47%	Subv. doazóns	212,000.00	225,000.00	6.10%
Publ.mat. Promoc.	6,000.00	6,000.00	0.00%	Achegas socios	15,250.00	15,810.75	0.96%
Acc. promoción	250,575.68	259,186.82	3.44%	Out. ingresos	275,000.00	275,000.00	0.00%
P. outros entes	5,615.00	5,615.00	0.00%				
Operac. N.F	502,250.00	515,810.75	2.70%	0	502,250.00	515,810.75	2.70%

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (MARCO)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			
	Importe 2024	Importe 2025	Variación		Importe 2024	Importe 2025	Variación
G. Persoal	354,062.00	362,913.00	2.50%	Ingresos actividade	5,000.00	2,500.00	-50.00%



Cons. eléctrico	155,242.00	120,000.00	-22.70%	Subv. doazóns	975,000.00	900,000.00	-7.69%
Exposicións	145,631.00	76,337.00	-47.58%	Achegas usuarios	12,000.00	13,000.00	8.33%
Compra de obra	.00	.00	0.00%	Cursos	25,000.00	25,000.00	0.00%
Outros g. Activida.	364,815.00	408,000.00	11.84%	Patrocinio La Caixa	10,000.00	25,000.00	150.00%
G. Financeiros	1,250.00	1,250.00	0.00%	Alugueiros	20,000.00	29,000.00	45.00%
Amortiza. Inmv.	26,000.00	26,000.00	0.00%	Agrupación amiga			
Total	1,047,000.00	994,500.00	-5.01%		1,047,000.00	994,500.00	-5.01%

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

CUARTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2025-2028, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SEXTO.- Dase conta do informe da Intervención Xeral sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria (sector administracións públicas e sector sociedades non financeiras (art. 16.2 RD 1463/2007).

SÉTIMO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

OITAVO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2025, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas que lle son de aplicación, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/11/2024 08:10	Páxina 5 de 6
90-142	CSV: AEA7C3-B9B73B-D1EC85-QW5YKT-T62W8U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A concelleira do PP, Sra. García González, anuncia que o seu grupo presentará un voto particular na sesión plenaria correspondente.

A concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro, anuncia que o seu grupo presentará un voto particular na sesión plenaria correspondente.

E para que conste e a efectos da súa inclusión na orde do día do Pleno da Corporación, expido a presente en Vigo, á data de sinatura dixital.
sc



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/11/2024 08:10	Páxina 6 de 6
90-142	CSV: AEA7C3-B9B73B-D1EC85-QW5YKT-T62W8U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		